



## **POLÍTICA DE CALIDADE SISTEMA DE XESTIÓN DA CALIDADE**

Data: 19/01/2016  
Código: A.01-MC  
Revisión 05

AGADEA, fundada en 1994 por familiares de persoas afectadas por enfermidades neurodexenerativas, é unha asociación sen ánimo de lucro, dedicada a mellorar a vida das persoas afectadas por unha demencia e a das súas familias mediante unha atención integral personalizada. Con este fin, definimos, para o noso Centro de Día de Alzhéimer de Ribeira, unha estratexia de xestión dentro do marco do Sistema de Calidade ISO 9001, buscando así satisfacer as expectativas dos familiares e cubrir as necesidades das persoas usuarias.

Por isto, os nosos obxectivos permanentes son:

- Prestar asistencia psicolóxica e moral aos familiares das persoas usuarias.
- Asesorar aos familiares das persoas usuarias en materias legais, asistenciais, sociolóxicas e económicas.
- Proporcionar e difundir nos medios de comunicación todo o que faga referencia ao posible diagnóstico da enfermidade e terapia da mesma, ao obxecto de facilitar a asistencia axeitada.
- Facilitar, mellorar e controlar a asistencia das persoas usuarias para mellorar a súa calidade de vida ao máximo posible.
- Facer do centro un lugar de desenvolvemento profesional e persoal para os nosos traballadores.

Por todo isto, os nosos compromisos son os seguintes:

- O cumprimento de todos os requisitos legais e a Normativa vixente.
- Unha mellora da calidade de vida das persoas usuarias respetando ao máximo a súa singularidade e privacidade. Ofrecendo un trato digno, respetuoso e comprensivo coas súas necesidades, que favoreza a súa integración nun espazo rehabilitador e preventivo, axeitado ao estadio evolutivo da enfermidade, a través dunha intervención interdisciplinar.
- Fomentar a formación continua do noso persoal para contribuir á mellora continua do Centro, creando un entorno de traballo agradable que potencia a implicación de todos/as os/as traballadores/as e promovendo a participación mediante o traballo en equipo e a atención das súas suxerencias.
- Fomentar a implicación das familias e a sociedade en xeral. Así como, impulsar a cooperación con outras asociacións nun clima de intercambio de experiencias.
- Revisar e avaliar constantemente o Sistema de Xestión de Calidade co fin de manter e mellorar continuamente a eficacia do Centro.

É, por todo isto que a Dirección do Centro de Día de Alzheimer Ribeira se compromete a proporcionar os recursos necesarios para a consecución dos obxectivos de calidade e a participación activa de entidades e persoas interesadas en ofrecer a mellor calidade do servizo e a atender todas aquelas suxerencias encamiñadas á mellora continua do funcionamento do Centro.

Ribeira, a 17 de Xaneiro de 2019

A Dirección  
M<sup>a</sup> Noelia Riaño Lueiro